

Proceso de creación da Biblioteca Virtual a cargo do equipo de "DeHistoria", formado por María del Pilar Rodríguez Suárez e Mercedes Vázquez Bertomeu

O encargo da Fundación Brandomil quedou comprometido a principios do ano 2020; consistía no fundamental en cubrir os obxectivos que abaixo se detallan, vinculados á documentación histórica de carácter arquivístico relacionado coa parroquia e ponte de Brandomil. O obxectivo era alimentar con eles a web da Fundación.

Presentouse e foi aprobado un plan de traballo que seguía as pautas clásicas da investigación histórica: comezar polas pezas coñecidas e ir tirando do fío de xeito que se fora ampliando o arco de temas e cronoloxías.

Os resultados iríanse ofrecendo á medida que se cubrisen as distintas etapas, de xeito que o proxecto fora medrando a medida que a Fundación fose obtendo financiamento para el e para a Biblioteca Virtual na que se publicarían os resultados.

A irrupción da pandemia da COVID-19 alterou os plans de traballo pero non mudou os obxectivos; si afectou aos resultados que son mais amplos do agardado, como se verá.

Os obxectivos a cubrir neste proxecto eran:

- Completar as referencias do corpus de bibliografía arredor da parroquia e da ponte de Brandomil, achegando sobre todo materiais de períodos históricos.
- Localizar, identificar, estudar e, chegado o caso, resumir ou transcribir os documentos de arquivo relativos á freguesía e ponte de Brandomil.
- Fornecer á web da Fundación dos materiais (transcricións, resumos ou imaxes) da documentación atopada e considerada de interese.
- Identificar novos repositorios de documentación e novas vías de investigación.

Os resultados comprometidos eran:

- Un corpus de referencias bibliográficas referidas á freguesía de San Pedro de Brandomil, a ponte de Brandomil e o seu contexto.
- Un corpus de documentos arquivísticos vinculados a este lugar.
- Un conxunto de fichas de documentos históricos -transcritos ou reseñados- relacionados co lugar, cos arquivos de imaxe correspondentes cando sexa posible.

A INVESTIGACIÓN

Os traballos iniciáronse con normalidade, identificando as coordenadas básicas do seu contexto histórico de xeito que fose posible armar os primeiros fíos dos que tirar. Tratábase de trazar unha liña histórica esquemática: entidades/persoas vinculadas ao lugar na Idade Media, referentes bibliográficos sobre elas, identificación de posibles fondos arquivísticos de interese... e a partir deles comezar a investigación.

A irrupción da pandemia alterou substancialmente este método de traballo por canto os arquivos e bibliotecas pecharon as súas portas; as bibliotecas non abrían con normalidade até o verán e os arquivos tiñan restricións de acceso e consulta da documentación.

Esta circunstancia obrigou a modificar os plans de traballo, tanto no ritmo como no método. Os resultados víronse afectados, non na súa calidade -que é a mesma- senón no volume por canto o corpus documental é máis completo do previsto inicialmente xa que non se foi facendo por fases. É dicir, que os materiais localizados e que habería que manipular correspóndense aos que cabería agardar nas últimas etapas previstas.

Tarefas desenvolvidas

No mes de abril do ano 2020, ante a evidencia de que as dificultades para acceder aos arquivos ían manterse, elaborouse un novo plan de traballo. O método a seguir

non sería a secuencia científica (de mais a menos, seguindo o fío que ofreceran os propios documentos) senón a dispoñibilidade dos fondos.

Este novo enfoque buscaba garantir resultados dentro dos prazos previstos, aínda que fose a costa de revisar mais documentación da necesaria e sobre todo, de levar a cabo a investigación un pouco a cegas pois o fundamental (que era o material dos arquivos tradicionais) quedaría para logo. Foi unha busca indiscriminada a partir duns fíos mínimos (toponimia, datos do Catastro de Ensenada, bibliografía, etc.)

Seguiríase aquí o mesmo procedemento que repetiríamos logo no traballo de arquivo: a revisión sistemática de todos os materiais que puideran ser de interese, sen mais fío condutor que a vinculación con Brandomil ou algúns dos referentes (persoas, institucións) da zona.

Así os documentos albergados en portais electrónicos como Galiciana ou PARES e presentados alí cos seus arquivos de imaxe foron os primeiros en ser revisados. Eran materiais de primeira orde como o Catastro do Marqués de la Ensenada pero tamén pezas cuxa utilidade era incerta, como algúns procesos xudiciais que terían sido relegados a unha fase posterior. Apareceron documentos insospeitados como os relativos á liñaxe dos Caamaño custodiado no Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra.

En setembro do 2020, retomouse o traballo en arquivos, visitando o Arquivo do Reino de Galicia, o Histórico Diocesano, o Histórico Universitario e o da Catedral de Santiago. Como xa se dixo, a investigación desenvolveuse tamén nesta fase dun xeito sistemático, buscando todo o relativo a Brandomil, os seus lugares, a ponte, personaxes vinculados (os Graño, Lamas etc.) e entidades propietarias (Santa Clara de Santiago, principalmente); tamén se fixo un esforzo por localizar papeis de interese relacionados con Brandomil e as súas demarcacións administrativas, relixiosas e civís (arciprestado de Céltigos e a Terra de Soneira). Ante a posibilidade de que os arquivos pechasen novamente ou se restrinxira máis o acceso (como acabou

sucedendo), o traballo foi basicamente de identificación das pezas e recollida dos datos básicos das escrituras de interese.

O obxectivo era ter á maior brevidade posible a relación de documentos que conformaría o corpus documental.

Dadas as limitacións existentes, hai dous arquivos que non se puideron visitar pero que poden resultar de interese, o do convento de Santa Clara de Santiago e o de San Francisco -que garda escrituras tamén das clarisas- aínda que parte relevante do arquivo documental das monxas está custodiado no Arquivo Histórico Diocesano e no Histórico Universitario.

En paralelo a este esforzo de localización da documentación de arquivo, levouse a cabo a conformación do corpus bibliográfico. Tamén se contactou coa Consellería de Cultura e o Arquivo de Galicia para obter copia dos informes e materiais alí custodiados sobre as escavacións arqueolóxicas na zona.

Resultados

O principal resultado dos traballos desenvolvidos é o corpus documental cuxas liñas principais están no informe adxunto. Foron revisados centos de documentos dos que arredor de 200 resultaron de interese directo; son pezas de todo tipo e cronoloxía, aínda que predominan os vinculados ao Antigo Réxime.

O método de traballo usado por mor das circunstancias provocou que todos estes resultados fosen conseguidos case explosivamente, é dicir, en moi pouco tempo e de xeito intelectualmente pouco ordenado pois non se seguiu unha secuencia lóxica na súa identificación (esa que leva dun dato a outro). Isto facilitou que o volume de documentos atopados sexa maior do previsto pero non se puido levar a cabo un traballo de estudo e reflexión sobre os contidos informativos que achegan os distintos documentos pois a énfase estivo na localización e identificación de pezas. Calquera avance que se queira facer desde este equipo no futuro precisará dese traballo previo cos resultados obtidos.

En cambio esta aproximación tivo a vantaxe de terse conformado o corpus documental case completo en menor tempo do previsto. En efecto o conxunto de escrituras identificadas son case o máximo ao que se podía aspirar nas distintas fases propostas inicialmente -deixando á marxe as gardadas nos citados conventos-.

As pezas de interese identificadas son documentos soltos ou expedientes que atinxen á freguesía de San Pedro de Bandomil, ás súas poboacións e veciñanza e só tanxencialmente á ponte. Son un conxunto nutrido de pezas que abranguen unha diversa temática e con calidade informativa diversa aínda que hai escritos ben interesantes como as visitas pastorais, apeos e procesos xudiciais.

O valor da achega informativa só poderá avaliarse con claridade no futuro cando todo estea na Biblioteca Virtual e os estudosos e estudosas comecen a manexar as escrituras. Non obstante, a priori o corpus é moi prometedor e singular por canto poucos lugares hai tan documentados.

Identificados os documentos, procedeuse a facer unha revisión deles e unha primeira avaliación do seu contido. Así hai escrituras relativas as aldeas e veciñanza, ao mosteiro de Santa Clara, a xestión parroquial ou aos fidalgos (Lamas) que levaron o couto de Bandomil ou propiedades; menos documentados están os aspectos políticos (como se exercía a xustiza, se había unha autoridade do couto, por exemplo) e aqueles máis próximos ás persoas (testamentos e outros contratos privados) que en calquera caso poderían ser buscados nunha fase posterior.

Tal e como se indica no informe adxunto, as pezas poden organizarse en tres grupos principais; nesta escala tivéronse en conta aspectos tales como a súa relación directa coa zona, o volume da escritura ou o seu interese para o estudo doutros temas. Así, a combinación destes criterios determinaría o traballo a seguir e a propia presentación do corpus documental na Biblioteca Virtual.

As escrituras quedaron estruturadas en tres grandes grupos: as fundamentais, as secundarias e finalmente as accesorias. Segundo o tratamento merecido débúllanse en tipos:

- as que van en transcripción completa: son escritos fundamentais e de volume limitado; de moitas delas ofreceuse tamén a imaxe.
- as que van nun informe específico que retrata o principal do seu contido: son procesos xudiciais ou expedientes que inclúen varios documentos; polo seu volume é complicada a transcripción completa ou a dispoñibilidade do conxunto de imaxes. O informe ofrece as coordenadas básicas da escritura e do seu contido informativo.
- e as que van rexestadas e acompañadas da cita textual: son pezas de interese secundario das que é posible obter, ben na web agora ben posteriormente, unha imaxe que ofrezca a totalidade da escritura. Buscase con esta fórmula intermedia dispoñibilizar o contido informativo ao público xeral que non é quen de ler a letra antiga.
- Finalmente, un pequeno grupo ten aínda menor interese así que van simplemente indicadas.

A combinación dos dous criterios é a que se plasma no informe adxunto presentado a Fundación en outubro de 2020.

A partir deste informe e das conversas mantidas, procedeuse a comezar coa transcripción ou resumo dos documentos así como a solicitar as reproducións documentais e permisos para a súa publicación na Biblioteca Virtual.

Os traballos de transcripción e preparación dos materiais marcharon a ritmo desigual pois as dificultades de acceso aos arquivos incidiron de xeito importante ao estar limitado o aforo das salas de consulta e existir período de corentena nas caixas consultadas. Isto afectou especialmente á documentación do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago onde a sala quedou reducida a 4 postos e as caixas só podían consultarse de 7 en 7 días.

Noutros casos dispoñíamos de imaxes dixitais ben ofrecidas polo arquivo (como

era o caso do Arquivo Histórico Universitario ou a Deputación de Pontevedra) ben tiradas por nós (como era o caso do Arquivo do Reino de Galicia) que nos permitiron ir avanzando no traballo.

En paralelo, como xa se dixo, foise elaborando o repertorio bibliográfico que quedou completo e entregado en setembro de 2020.

Posteriormente, procedeuse á preparación das fichas dos documentos. Seguindo as pautas e estrutura decidida, cada documento foi transcrito, resumido ou citado para conformar de cada un deles un documento-ficha que contén:

- datos identificativos (data, rexesto, sinatura arquivística)
- transcripción, cita textual ou resumo, segundo proceda.
- referencia aos arquivos de imaxe

A entrega ordenouse en documentos e carpetas independentes para cada escritura.

Asimesmo, recompiláronse os arquivos de imaxe dixital dos arquivos Histórico Universitario e da Deputación de Pontevedra.

Decembro 2020

DOCUMENTACIÓN CONSULTADA

Documentación consultada en archivos

ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Fondo Real Audiencia

Mazos 92/30, 641/15, 717/22, 867/17, 960/4, 1463/23, 1543/46, 1638/11, 1673/52, 1693/58, 4738/32; 6058/74, 7416/24, 9761/45, 17020/10, 22333/8, 26221/19, 26221/130, 26333/38, 26363/46, 29607/10, 29617/8, 29617/37.

Fondo Pazo de Brandeso

Documentos 29596/ 30, 37, 38, 42, 57, 66, 72, 73, 74 e 77, 29606/63, 29606/17 e 30; 29617/8 e 37

Fondo Pita da Veiga

Mazo 195-10

Fondo Facenda

Desamortización 300/38-52

Delegación especial de Economía e Facenda da Coruña, 77-7, 77-26

Serie Intendencia de Galicia

Atado 45903-4-644

Fondo de Augas de Galicia

Expedientes G21157-006, G75118-000

ARQUIVO DA CATEDRAL DE SANTIAGO

Inventario Xeral

Mazos 276, 277, 278

Tombos de Tenzas 1, 2 e 3

Fondo de Protocolos Notariais

ACS, P 016, P 026, P 034, P037, P040, P 043, P 045, P044, P053, P 060, P065/1, P068, P080, P095, P099, P 117/2, P 126/1, P 196, P 201, P212/1, P 213/13.

ARQUIVO HISTORICO DIOCESANO DE SANTIAGO

Fondo Xeral

Serie Xurisdiccional (Visitas e residencias), mazos 187, 188

Serie bens e rendas, mazo 51

Serie Varia, mazo 1172

Serie Templos, mazo 1269

Fondo Parroquial

San Pedro de Brandomil

Fondo San Martiño Pinarío

Serie Santa Clara, mazos 44, 45, 46

ARQUIVO HISTÓRICO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Fondo de Protocolos Notariais

Santiago, mazos 75, 87,88, 194, 232, 266, 288, 310, 742, 1334, 1335, 1336, 1640,

Noia, mazos 94

Corcubión, mazo 400, 1138,

Fondo Municipal, Concello de Santiago

AM 126, 300, 915, 1568, 2546

Fondo Blanco Cicerón

Mazo 174

Fondo Clero

Santa Clara, mazos 351, 352, 353, 354, 358, 359, 360, 361, 364, 370, 373, 377, 392, 396, 400, 401, 416

Documentación consultada a partir de portais electrónicos

PORTAL DA DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Arquivo da Deputación de Pontevedra

Fondo Familia Caamaño, mazos 1191/1; 1214/3, 7, 12 e 15; 1218/6;
1236/19; 1241/19; 1281/10, 13 e 14; 1307/1

Fondo do Pazo de Rubiáns, mazo 198/30

PORTAL ARQUIVOS ESPAÑOLES EN RED

Archivo Histórico Nacional

Sección Clero Secular-Regular, Carpeta 1440, nº 16

Sección Consejos, mazo, 32002, exp. 5; 26803, exp. 3; 31790, exp. 2; 32002,
exp. 5,

Sección Nobleza, Mos-Valladares, C. 22, D. 15

Sección Diversos, Diversos-Títulos-Familias, 3187, N.60; 3198, n.2

Archivo General de Simancas

Sección Dirección General de Rentas, DGR, 1 RE, 1163, 8; DGR, 1RE,
1152, 9

Archivo de la Real Chancillería de Valladolid

Pl. Civiles, Perez Alonso (F) caixa 914, 1/917/1

Pleitos Civiles, Fernando Alonso (F), caixa 1863/5

Pergaminos, carpeta 70, 8

REAL ACADEMIA DE LA HISTORIA

Archivo-biblioteca de la Real Academia de la Historia

Ga 1883/2 (3)

OUTROS PORTAIS

Galiciana

Biblioteca Digital Hispánica

Europeana